



RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DUNHA EDICIÓ DO CURSO LO11013 REXISTRO E INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA

ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dictou a Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo das entidades Locais de Galicia. (DOG Nº 50 do 12 de marzo de 2011).

2 A Escola Galega de Administración Pública dictou a Resolución do 19 de maio de 2011 pola que se acorda a publicación da relación de persoas seleccionadas para participar no curso LO11013 Rexistro e información administrativa.

3 O número de prazas por edición do curso LO11013 Rexistro e información administrativa, na edición de Ferrol que ía ter lugar do 06-06-2011 ao 09-06-2011 é de 20 prazas convocadas.

4 Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e logo de tramitar as renuncias presentadas ao curso o Servizo de Xestión das Actividades de Formación e Selección comprobou que para a edición de Ferrol que ía ter lugar do 06-06-2011 ao 09-06-2011 quedan 5 alumnos admitidos no curso.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo das entidades Locais de Galicia.(DOG Nº 50 do 12 de marzo de 2011).na súa base novena, apartado A dispón:

A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

O número de solicitudes do curso LO11013 Rexistro e información administrativa, na edición de Ferrol que ía ter lugar do 06-06-2011 ao 09-06-2011 é inferior ao 50% das prazas convocadas.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Anular a edición de Ferrol do curso LO11013 Rexistro e información administrativa, que ía ter lugar do 06-06-2011 ao 09-06-2011.

2. Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2011.

O director



Pablo Figueroa Dorrego